

A Ruta Máxica de Oia

Este carreiro percorre o municipio de Oia pola franxa costeira do sur-oeste de Galicia que vai desde Baiona ata A Garda, que destaca tanto pola elevada densidade de estacións rupestres sitas nos seus montes, como pola gran cantidade de castros que se acumulan nos vales de Santa Uxía de Mougás e Santa María de Oia.

Comezamos cunha suave subida ata o complexo arqueolóxico da Cabeciña, un lugar de extraordinaria importancia desde o punto de vista estratéxico polo seu ubicación, a 148 metros de altura sobre o nivel do mar e desde o que se ten contacto visual cos castros da contorna, e desde o punto de vista arqueolóxico, xa que nun espazo reducido atopamos dous xacementos de gran importancia: a estación rupestre, onde se atopan algunhas das variantes máis orixinais dos petroglifos galaicos, e os restos dun recinto fortificado tipo castro con ao menos cinco aterrazamentos nun impresionante sistema defensivo.

No panel principal atopamos diversos motivos gravados, entre os que destacan os semicírculos concéntricos, ademais doutras figuras de forma ovalada ou aspecto arriñonado. É un dos escasos exemplos atopados en Galicia onde se representan intencionadamente combinacións circulares incompletas. E ningún alcanza a complexidade deste panel.

Continuamos a senda pasando por distintos lugares con petroglifos como Pedra Lan; O Pousiño (combinacións de cazoletas) na contorna das Pozas do río Peito e con fermosas cascadas nos arredores; As Goteiras, a donde chegaremos tras pasar polo río da Fervenza e O Outeiro da Chaira... De camiño observaremos como se está a traballar no Proxecto Mougás que pretende unha **nova estratexia forestal** no entorno coa **substitución paulatina do eucalipto** por frondosas autóctonas como oliveira ou castiñeiro.

Tras comer a cuberto, subimos ata chegar ao excepcional recinto fortificado de Canodous Mouros, con fermosas vistas tanto sobre a costa de Oia como sobre os cumes da Serra da Groba, para baixar, de seguido, ata o canón do río Broi, onde se atopan as “Sobreiras do Faro” consideradas o bosque mediterráneo máis occidental de Europa e catalogado como Espazo Privado de Interese Natural.

O percorrido segue tocando distintos enclaves rupestres como son A Pousadela (onde se poden apreciar tres superficies principais con gravados, molinos rupestres e fantásticas vistas sobre a rasa atlántica de Oia, incluíndo as illas Orelludas); o Outeiro de Mozouzo (onde, ademais de impresionantes vistas, existen varios grupos de petroglifos, coa Pedra do Cazador como superficie máis destacada); a zona de O Viveiro, onde existen varios grupos de gravados rupestres que cobren unha extensa área desde O Alto do Visiño ata Figueirido, destacando tres embarcacións de orixe mediterránea e, para rematar, A Pedreira, con petroglifos baseados en liñas e cazoletas, con magníficas vistas sobre o porto de Oia e o monasterio cisterciense do século XII, onde remataremos a nosa camiñata no que esperamos sexa un magnífico atardecer.



